

TEMA 30. O FRANQUISMO: POLÍTICA ECONÓMICA. (1939-1975)

ORIENTACIÓNS DA PAU: O alumnado deberá demostrar que coñece a política económica do franquismo nas súas distintas etapas: os principais trazos da política autárquica característica da primeira fase (período de illamento internacional e bloqueo económico); a política de liberalización económica desenvolvida polo goberno dos tecnócratas; as causas e consecuencias do chamado *Desarrollismo* e os efectos da crise económica internacional no tardofranquismo.

Os documentos obxecto de comentario farán referencia ás características, medidas e consecuencias da

- Autarquía
- A liberalización económica dos anos 50
- O desenvolvementismo
- A crise do tardofranquismo

1. INTRODUCCIÓN

Franco creou un réxime que primeiro tratou de **imitar o fascismo italiano** (líder único, partido e sindicato único con intervención do estado na economía) que debido ao contexto internacional de illamento trala Segunda Guerra Mundial **irá derivando nun réxime autoritario baseado no nacionalcatolicismo**.

Este réxime político afirmábase nunhas **bases ideolóxicas** tanto en sentido negativo (antiliberal, anticapitalista, anticomunista, antirrepublicano, antisemita) como en sentido positivo (defendendo o caudillismo, o nacionalsindicalismo; o nacionalcatolicismo, o ultramilitarismo e o hipercentralismo).

A súa longa permanencia no tempo radica nos apoios de **catro piares fundamentais**: a Igrexa, o exército, FET e das JONS (partido único do réxime creado tras o Decreto de unificación do 37) e certos sectores socioeconómicos (empresarios industriais e financeiros, terratenentes, pequena burguesía urbana e campesiños propietarios).

Para a comprensión da **caída do Réxime é fundamental comprender que a evolución económica erosionará os apoios a ditadura** principalmente na década dos 70.

2. POSGUERRA E AUTARQUÍA (1939-1953)

A posguerra caracterizouse pola fortísima represión política, na dificultade nas relacións exteriores e pola implantación da autarquía económica.

A economía de posguerra (1939-1950) caracterízase por un nivel de produción moi baixo (tardarase case vinte anos en acadar o nivel produtivo de 1936) debido ao impacto da guerra.

O bloqueo internacional declarado pola condena da ONU por réxime fascista en 1946 leva a proclamar a autosuficiencia en, defendendo a capacidade de España de autoabastecerse sen necesidade de mercado exterior, pero realmente a autarquía non foi radical, pois sempre se importaron produtos clave como o petróleo ou a carne arxentina.

Establecéronse cartillas de racionamento que fomentaron os negocios especulativos do mercado negro.

Moitos enriquecéronse especulando coa miseria dos demais e moitas autoridades aceptaron os subornos dos especuladores do estraperlo (destaca na raia seca en Galicia). En Galicia, o sistema de minifundios de policultivo de autoabastecemento permitiu paliar en parte os rigores da autarquía.

Para promover a industrialización e favorecer a política autárquica, o estado creou o **INI (Instituto Nacional de Industria)**, organismo que dirixe a economía ata a transición, e o **INC (Instituto Nacional de Colonización)** coa intención de desenvolver a agricultura.

A política de intervención do Estado na economía non permitiu grandes resultados, pero a fixación de salarios moi baixos fixo posible que os empresarios lograsen altos beneficios. As inversións do goberno na

industria (clave para fortalecer de armamento ó exército) prexudicou as reformas na agricultura e gandería e os campesiños, que tanto axudaron ós sublevados a gañar a guerra, víronse desamparados na posguerra ante as malas colleitas provocadas polas continuas fases de secas.

3. FIN DO ILLAMENTO (1953-1959)

-Os anos 50 son a culminación do fracaso das medidas autárquicas e da necesidade de aumentar o comercio exterior.

Os feitos clave favorecedores da apertura foron o contexto internacional da Guerra Fría concretados en 1953 no **Concordato do Vaticano e os Acordos cos EEUU** nos que, a **cambio de bases militares, comprometiáanse a enviar axuda económica**, novas técnicas para modernizar o sistema produtivo español e abrir de novo a España os circuitos económicos internacionais.

O total da contía foi sensiblemente menor que a do Plan Marshall, gran anelo non conseguido da ditadura. Os gobernantes franquistas trataron de revisar o ríxido intervencionismo estatal e suprimiron o racionamento e decretaron a liberdade de prezos e comercio. Porén, os cambios no sector agrícola foron escasos pola falta de inversións de estilo capitalista no campo.

A partir da **Lei de principios do movemento nacional de 1958 a política económica do réxime queda en mans dos tecnócratas**, expertos en dereito e economía de ideas liberal-capitalistas pero ultraconservadores, **pertencentes ao Opus Dei** (a diferenza dos falanxistas apostaban pola liberalización da economía).

Liderados por López Rodó, inician o denominado **Plan de Estabilización de 1959**.

O obxectivo deste era restrinxir o gasto público e privado e reducir a débeda, para poder levar a cabo posteriormente plans de desenvolvemento. Este plan implicou:

a conxelación dos salarios, o recorte do gasto público, a subida dos impostos, a restrición do crédito, a devaluación da peseta e a facilidade para instalar filiais de empresas estranxeiras.

As consecuencias foron un aumento significativo do paro e da pobreza pero os viron necesarios para posuír capital para lanzar os plan de desenvolvemento da década seguinte.

4. DESARROLLISMO (1960-1973)

-Os anos 60, nos que se confirmaría o éxito da apertura caracterízanse pola tranquilidade política, o crecemento económico e o impulso destes Plans de Desenvolvemento.

Tras o éxito do Plan de Estabilización de 1959, os tecnócratas deseñaron tres plans de Desenvolvemento cuadrienais capaces de transformar España nun país desenvolvido. Estes plans prestaron atención

preferente ó crecemento da renda nacional, ó pleno emprego, a mellorar o reparto da renda para crear unha clase media consumidora e a progresiva integración nos circuitos da economía mundial.

Pretendían acadar estes obxectivos a través da **potenciación do turismo** (nado co desenvolvemento do estado de benestar nas economías capitalistas dos anos 50) e da **industria**, sobre todo **automobilística e de electrodomésticos**.

Estes plans levan parellos a creación de **“polos de desenvolvemento”** na



periferia de cidades intermedias como Vigo, Valladolid, Cartaxena, entre outras, buscando potenciar a creación dunha rede industrial homoxénea en España.

A planificación dos tecnócratas tivo éxitos espectaculares na produción industrial das fábricas de automóviles (Seat, Renault, Citroën) ou de electrodomésticos (Fagor, Edesa) e dificultades graves na agricultura.

As grandes multinacionais crean filiais en España para aproveitarse dos beneficios e vantaxes que lles ofrecen os tecnócratas e das posibilidades de explotación que representaba a abundancia de man de obra moi barata e sen dereitos sindicais.

Ante a **necesidade de man de obra cualificada** créase a **Lei Xeral de Educación de 1970**. Debido aos millóns de españois que cambiaron a aldea polas urbes e os millóns de turistas prodúcese un boom na construción.

Os **barrios obreiros** desenvólense sen control e os inversores que non dubidan en subornar ós gobernantes con tal de lograr o máximo beneficio.

Deuse un **auxe nas importacións, que foron posibles grazas á entrada masiva de divisas** en

España provintes dos aforros que mandaban os **emigrantes en Europa** (claves tamén para entender porque o paro xerado non supuxo un problema para o réxime) e do obtido polo **gasto dos turistas** en España.

A pesar de todo este crecemento o desexo de ingresar na CEE vese truncado polo carácter ditatorial de España e so en 1970 conseguirá un acordo de comercio preferencial.



5. TARDOFRANQUISMO (1973-1975)

-A fins dos anos 60 e comezos dos 70 confírmase a crise do desenvolvemento económico e do propio réxime político.

A fins dos anos 60 a economía española acusa un estancamento do crecemento motivado por erros da planificación nos plans de desenvolvemento e o impacto da Crise do petróleo

de 1973, que tivo lugar a raíz da guerra do Yom Kippur, na que a OPEP pechou o subministro do petróleo para prexudicar a occidente, foi demoledor.

A **inflación de prezos e o aumento do paro** desatan unha crecente **conflictividade laboral**, con numerosas folgas en múltiples lugares do país.

Ante as dificultades económicas os campesiños, obreiros e incluso clases medias abandonaron a súa actitude pasiva e moitos reclamaron dos gobernantes cambios económicos, pero tamén políticos e culturais, ao que o goberno reaccionou con represión. A **situación de crise ía agrandándose ao longo dos anos 70** e as primeiras medidas de contención non se toman ata o primeiro goberno democrático de 1977.

O mundo empresarial e financeiro consideraba que a saída da crise estaba no ingreso na CEE o cal levou a sectores claves no apoio da ditadura a optar pola súa transformación. Como conclusión, podemos afirmar que a evolución económica condicionou profundamente a evolución da ditadura e da oposición, pois provocou o transvase dos inmovilistas aos reformistas, debido a que coa crise e ao ver frustrados os plans de entrar na CEE, pola súa natureza ditatorial, consideraban como única opción de saír da crise transformalo nun sistema democrático.